



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PROGRAMA INTALENT
BASES DA CONVOCATORIA 2022

A Coruña, 19 de outubro de 2022

A Universidade da Coruña (UDC), co apoio da empresa Inditex, impulsa esta acción de captación de talento, no marco do convenio de colaboración existente entre ambas, para a posta en marcha e execución do Programa InTalent, encamiñado a favorecer a incorporación na UDC de investigadores/as posdoutorais con proxección e ampla traxectoria internacional baixo o único criterio da excelencia.

Inditex está a apoiar nos últimos anos as institucións de educación superior, e o seu compromiso coa UDC é un dos seus sinais de identidade. É por iso que está interesada en apoiar accións encamiñadas ao desenvolvemento de proxectos en materia de investigación e transferencia para ampliar, renovar e modernizar os sistemas de ensino superior, así como á posta en valor da súa dimensión emprendedora en beneficio da sociedade.

A UDC, para o cumprimento dos seus fins, desenvolve a súa actividade docente e investigadora, e está chamada por razón de esencia, finalidade e obxectivos a establecer as canles de comunicación que permitan o intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, para formar profesionais, investigadores/as, profesorado universitario e técnicos/as útiles á sociedade, en beneficio todo iso da cultura e o benestar social.

Ambas as entidades consideran de interese común promover a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento cultural, científico e tecnolóxico, á procura dunha aplicación práctica do coñecemento en proveito da nosa sociedade, polo que manifestan o seu interese en impulsar a capacidade investigadora da UDC e elevar a universidade como referente na captación de talento, mediante a atracción de persoal investigador excelente e con proxección internacional.

Mediante este programa, preténdese fomentar a retención e o retorno de investigadores/as vinculados/as ou recentemente desvinculados/as da UDC e a captación de investigadores/as nacionais ou estranxeiros/as que poidan conseguir financiamento competitivo internacional en materia de investigación.

Os proxectos e demais actividades en que participen as persoas contratadas ao abeiro desta convocatoria deberán aterse ao establecido no Código ético da investigación da UDC, os principios internacionais e a normativa vixente en materia de bioética, experimentación animal, bioseguridade, seguridade biolóxica, protección do medio ambiente, patrimonio natural e biodiversidade e protección de datos.

I. OBXECTO

1. O Programa InTalent está dirixido a investigadores/as de calquera nacionalidade que queiran desenvolver a súa actividade investigadora na UDC. Nesta edición, preténdese orientar o programa principalmente a persoas beneficiarias dunha axuda de ciencia excelente. En concreto, o Programa InTalent orientarase a favorecer a captación de investigadores/as que conseguisen unha axuda Ramón y Cajal (RyC), financiada polo Ministerio de Ciencia e Innovación na convocatoria de 2021.

2. Por tanto, o obxecto desta convocatoria é seleccionar tres investigadores/as beneficiarios/as dunha axuda RyC na convocatoria de 2021 que vaian asinar ou asinasen un acordo de incorporación á UDC dentro do marco da súa axuda RyC, aos/ás cales se lles ofrece unha serie de medidas específicas de apoio, segundo o que se detalla nesta convocatoria.

3. Igualmente, este programa tamén ten como obxectivo que o persoal investigador incorporado poida presentar solicitudes competitivas a convocatorias internacionais de investigación, especialmente as promovidas dentro dos programas marco europeos polo Consello Europeo de Investigación (European Research Council, ERC) e o Consello Europeo de Innovación (European Innovation Council, EIC).

4. A convocatoria buscará cumprir cos obxectivos marcados pola Unión Europea para contratación de investigadores/as, con base no modelo OTM-R (aberto, transparente e baseado no mérito). A UDC conta co logo HR Excelencia en Investigación (<https://www.udc.gal/investigacion/hrs4r>), concedido pola Comisión Europea, que identifica as universidades e institucións que xeran e apoian a existencia dunha contorna estimulante e favorable ao traballo de investigación.

5. O obxectivo é apoiar o persoal investigador excelente beneficiario dunha axuda RyC, independentemente da súa área de coñecemento, sen ningún tipo de exclusión. Con todo, terase en conta a viabilidade das súas liñas de investigación dentro da UDC e a súa adecuación a aquelas áreas especialmente interesantes para a UDC pola súa proxección científica, polo seu carácter emerxente ou pola súa consideración de estratéxicas dentro da planificación actual da entidade:

a) Áreas relacionadas cos centros de investigación da UDC:

- CITIC: Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (<https://citic.udc.es/gl>)
- CITEEC: Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (<http://www.udc.gal/citeec>)
- CICA: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (<https://cica.udc.gal>)
- CITENI: Centro de Investigación en Tecnoloxías Navais e Industriais (<https://citeni.udc.es/>)

b) Áreas relacionadas cos campus de especialización da UDC:

- Campus Industrial (<https://www.udc.gal/campusindustrial>)
- Campus Innova (https://www.udc.gal/campus_innova)
- Campus Sustentabilidade (https://www.udc.gal/campus_sustentabilidade)

c) Áreas relacionadas cos institutos de investigación universitarios da UDC (https://www.udc.gal/investigacion/institutos_investigacion)

d) Áreas relacionadas coas Ciencias Sociais e as Humanidades

II. CARACTERÍSTICAS

1. As características das medidas específicas recollidas nesta convocatoria serán de aplicación para as tres persoas investigadoras beneficiarias dunha axuda RyC na convocatoria de 2021 que asinen ou asinasen o seu acordo de incorporación á UDC e que sexan seleccionadas para adherirse ao Programa InTalent a través desta convocatoria.

2. Establécese un complemento económico para o contrato das persoas seleccionadas nesta convocatoria, até acadar un salario total de 60 000 € anuais (incluídos o salario bruto, os custos sociais da contratación e a indemnización final do contrato). Este complemento percibirase desde a concesión do Programa InTalent, nunca antes do inicio do contrato e durante a vixencia da axuda RyC, ao mesmo tempo da cal finalizará.

3. O persoal investigador seleccionado recibirá unha axuda complementaria para o establecemento dunha liña de investigación propia, por un importe de 40 000 €, nun pagamento único e puntual que se producirá logo da concesión. Esta axuda é adicional á incluída nas axudas RyC e ten por obxectivo garantir a continuidade da actividade dos/as investigadores/as RyC que se incorporen á UDC até que logren captar fondos a través de convocatorias competitivas, polo que está previsto que deban gastar estes fondos adicionais durante os dous primeiros anos do seu contrato.

O devandito financiamento adicional destinarase a cubrir os gastos debidamente xustificadas nos seguintes conceptos:

- adquisición, alugamento, traslado, mantemento ou reparación de equipamento científico-técnico, incluídos equipos informáticos e programas de ordenador de carácter técnico, material bibliográfico, material funxible, subministracións e produtos similares;
- adaptación de infraestruturas científico-técnicas;
- gastos de viaxes e axudas de custo, asistencia a cursos formativos, gastos de inscrición e de organización no tocante a congresos, seminarios e conferencias de carácter científico;
- custos de utilización e acceso a infraestruturas científicas e técnicas singulares (ICTS) incluídas no mapa aprobado polo Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación e grandes instalacións científicas nacionais e internacionais;
- custos de solicitude e outros gastos de mantemento de dereitos de propiedade industrial e intelectual derivados da actuación, custos de patentes e coñecementos técnicos adquiridos e obtidos por licenza de fontes externas a prezos de mercado;
- contratación de persoal e gastos derivados do asesoramento e apoio técnico á investigación, innovación e transferencia de resultados;
- gastos de publicación e difusión de resultados, incluídos aqueles que puidesen derivarse da publicación en revistas de acceso aberto;
- outros gastos directamente relacionados coa execución da actividade, tales como os de uso de servizos centrais e xerais de investigación da entidade.

4. Adicionalmente, cada investigador/a recibirá, nun único pagamento inicial ao comezo do contrato, unha axuda asistencial de 1000 € brutos.

5. Durante a duración do contrato, o persoal investigador seleccionado contará co apoio e o asesoramento técnico da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación da UDC, como ente encargado da xestión do Programa InTalent, para atopar na UDC o ambiente adecuado para levar a cabo con todas as garantías a súa investigación de excelencia.

6. A dotación deste programa irá con cargo á partida orzamentaria 0505470138 541A 64000. A cantidade máxima que financiará o Programa InTalent para esta convocatoria será de 250 000 € en total. De cumprir, a UDC cofinanciará con fondos propios o salario establecido nesta convocatoria.

III. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

As persoas solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Estar en posesión do grao de doutor/a.
- Ter sido seleccionadas na convocatoria de 2021 das axudas RyC da Axencia Estatal de Investigación.
- Cumprir os requisitos establecidos na convocatoria de 2021 das axudas RyC de incorporación á UDC.
- Asinar ou ter asinado o acordo de incorporación da súa axuda RyC coa UDC.

Dado que na data de publicación desta convocatoria do Programa InTalent aínda non foi publicada a resolución de concesión da convocatoria de 2021 das axudas RyC, poderán presentarse as persoas que fosen seleccionadas nas propostas provisionais daquelas axudas; porén, a concesión definitiva das axudas correspondentes a esta convocatoria do Programa InTalent queda condicionada á concesión definitiva da axuda RyC e a formalización do seu contrato coa UDC.

IV. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles desde o día seguinte da publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC.

2. A presentación de solicitudes farase a través da Sede Electrónica da UDC (https://sede.udc.gal/services/electronic_board). As solicitudes irán dirixidas á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia.

3. A solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

a) Formulario administrativo (modelo no anexo I). Neste apartado, alén dos datos xerais da persoa solicitante, indicárase a ligazón a algunha(s) base(s) de datos ou algún rexistro científico en que teña a súa produción científica actualizada (ORCID, Research Gate, Scopus, Web Of Science, Google Scholar).

b) Declaración responsable (modelo no anexo I) da veracidade de toda a información contida na solicitude, e compromiso asinado pola persoa candidata para, no caso de ser seleccionada, presentarse a través da UDC ás convocatorias que conxuntamente se consideren oportunas tanto do ERC como do EIC, así como a outras convocatorias internacionais, durante a duración do contrato.

c) Memoria da traxectoria investigadora e a liña de investigación principal presentada pola persoa candidata á convocatoria de 2021 das axudas RyC.

d) Currículo abreviado (CVA) presentado pola persoa candidata á convocatoria de 2021 das axudas RyC.

e) Informe de avaliación final da convocatoria de 2021 das axudas RyC.

f) Outros documentos que a persoa candidata considere de interese para avaliar adecuadamente a súa solicitude, así como os seus méritos curriculares actualizados desde o CVA presentado á convocatoria de 2021 das axudas RyC até arestora.

4. A solicitude terá que redactarse en inglés, español ou galego.

5. Para os efectos do proceso de avaliación, só se terá en conta a información contida na documentación achegada na data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

6. Non axustarse aos termos desta convocatoria, o incumprimento dos requisitos establecidos nela e/ou a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada serán causa de inadmisión da solicitude presentada.

7. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras, así como o consentimento das persoas participantes para os efectos de publicidade e tratamento de datos persoais que figuran nela, e comunicación a terceiros dos datos recollidos, co obxecto do tratamento posterior destes datos con fins históricos, estatísticos ou científicos, no marco da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE n.º 294, do 6 de decembro).

V. EMENDA DE SOLICITUDES

1. Unha vez finalizado o prazo de presentación das solicitudes, a Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) da UDC, como servizo encargado da coordinación do programa, ditará a resolución pola que se aprobará a listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas. As persoas solicitantes poderán formular reclamacións, de ser o caso, á causa de exclusión no prazo de cinco días hábiles a partir da publicación da devandita resolución.

2. Esta resolución publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Sede Electrónica da UDC (https://sede.udc.gal/services/electronic_board). O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo.

3. Transcorrido o prazo indicado sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que a persoa solicitante desiste do seu pedimento, nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE n.º 236, do 2 de outubro), e procederase a publicar no TEO a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

VI. PERFIL E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Perfil das persoas candidatas. A convocatoria está aberta a todos/as aqueles/as doutores/as que cumpran os requisitos establecidos no apartado III. A modo de información xeral, especifícanse deseguido as características básicas do perfil que se considera que deben ter as persoas solicitantes para ser competitivas:

- As persoas candidatas han de ter unha traxectoria investigadora excelente nos últimos anos, así como capacidade para xerar coñecemento novo.
- De igual maneira, cada candidato/a debe presentar potencial como investigador/a independente e dar evidencias de madurez profesional, amais de mostras dunha prometedora proxección na súa carreira científica.
- Por último, un/unha candidato/a competitivo/a debe mostrar capacidade e interese en participar en convocatorias internacionais de ciencia excelente como as promovidas polo ERC (*ERC Grants*) e o EIC, ou noutras convocatorias competitivas do programa Horizonte Europa ou doutras axencias internacionais.

2. As solicitudes serán avaliadas de acordo cos seguintes criterios:

a) Excelencia da traxectoria científica. Valorarase a relevancia e contribución da persoa candidata nos artigos publicados en revistas científicas (citas, índices de impacto...), os libros ou capítulos de libros científicos e técnicos, os traballos presentados en congresos, as patentes concedidas ou licenciadas e, en xeral, calquera outra achega que permita valorar os diferentes aspectos da investigación, incluída a transferencia de tecnoloxía. Esta valoración farase seguindo os criterios xerais de avaliación do Programa de incentiación da incorporación e intensificación da actividade investigadora (Programa I3) sinalados no punto 2 do anexo I, epígrafes da a) á f), da Resolución do 20 de xullo de 2005 (BOE n.º 204, do 26 de agosto). Puntuación: de 0 a 40 puntos.

b) Participación en actividade internacional. Valorarase a implicación directa en programas, proxectos ou contratos internacionais, o financiamento obtido en convocatorias internacionais competitivas e a mobilidade internacional (experiencia pre ou posdoutoral en países distintos do de orixe etc.). Puntuación: de 0 a 20 puntos.

c) Interese e calidade das liñas da investigación desenvolvida. Valorarase a motivación, a excelencia e o impacto da investigación proposta, así como a viabilidade do seu desenvolvemento e implementación, alén da coherencia e importancia da proposta na carreira investigadora da persoa candidata. Terase en conta fundamentalmente a súa adecuación aos obxectivos do Programa InTalent, sobre todo canto á capacidade da persoa solicitante para captar financiamento doutras convocatorias competitivas

internacionais de ciencia excelente, e a súa relación coas áreas de investigación de especial interese recollidas no apartado I.5. Valorarase igualmente o impacto científico e social positivo da súa incorporación á UDC. Puntuación: de 0 a 20 puntos.

d) Capacidade da persoa candidata para liderar a súa liña de investigación e xerar novo coñecemento en función da experiencia científica e profesional, así como da independencia na súa traxectoria. Valorarase a través de aspectos tales como a dirección de traballos de investigación (dirección de investigadores/as en formación, investigador/a principal en publicacións científicas, teses de doutoramento etc.), a relevancia e o recoñecemento da súa liña de investigación (invitación a congresos internacionais, conferenciante plenario/a, premios, mencións e distincións), a capacidade de obtención de recursos (financiamento como investigador/a principal de proxectos, contratos etc.), a participación en redes de coñecemento e calquera outro que permita valorar os méritos relacionados coa independencia, a relevancia e o liderado na liña de investigación que presenta a persoa candidata. Neste apartado valorarase especialmente a capacidade actual da persoa candidata para liderar un proxecto en convocatorias dentro do programa marco Horizonte Europa, en particular as promovidas polo ERC ou o EIC. Puntuación: de 0 a 20 puntos.

3. Todos os méritos recollidos neste apartado valoraranse tendo en conta os anos transcorridos desde que a persoa solicitante obtivo o grao de doutora, de xeito que se avaliarán tanto os logros atinxidos en función da súa experiencia como a proxección da súa carreira investigadora e a súa capacidade para presentar futuras propostas exitosas a outras convocatorias competitivas nacionais e internacionais de ciencia excelente, como as mencionadas en apartados anteriores.

VII. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

1. A avaliación das solicitudes presentadas polas persoas candidatas será realizada de acordo cos criterios establecidos no punto anterior por unha Comisión de Avaliación que estará presidida polo vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, ou a persoa en quen delegue, que exercerá como presidente, e outras catro persoas expertas de recoñecido prestixio da propia UDC e/ou doutras institucións científicas, que serán nomeadas polo reitor da UDC. Así mesmo, o coordinador científico do Programa InTalent asesorará á Comisión e participará nas reunións con voz pero sen voto, co obxecto de asistir aos seus membros na selección das persoas candidatas.

2. A Comisión de Avaliación formulará unha proposta de resolución provisional coa listaxe de solicitudes seleccionadas, e de ser o caso de reserva, de acordo coas puntuacións obtidas por cada solicitante. Tal proposta publicarse no TEO. As persoas candidatas poderán presentar cantas alegacións estimen pertinentes no prazo de cinco días hábiles desde a publicación. As alegacións presentadas serán revisadas pola Comisión de Avaliación.

3. A relación de persoas candidatas de reserva aparecerá ordenada en sentido decrecente segundo a puntuación obtida na avaliación.

VIII. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

1. Unha vez revisadas todas as alegacións, a Comisión de Avaliación trasladará a correspondente proposta ao reitor, que ditará a resolución definitiva coa listaxe de persoas candidatas seleccionadas. A devandita resolución publicárase no TEO.
2. As persoas candidatas seleccionadas deberán presentar toda a documentación acreditativa de todos os requisitos establecidos na solicitude nun prazo máximo de dez días hábiles desde a publicación da proposta de resolución definitiva. A non acreditación ou a acreditación incompleta destes requisitos suporá a exclusión definitiva do/a aspirante, e o seu posto será ocupado polo/a correspondente candidato/a da lista de reserva.
3. Contra esta resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o reitor no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución no TEO, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpoñer, directamente, recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso no prazo de dous meses, que contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución no TEO, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE n.º 167, do 14 de xullo de 1998).
4. O persoal investigador seleccionado deberá incorporarse á UDC nos prazos marcados para o inicio dos contratos das axudas RyC correspondentes á convocatoria de 2021.

IX. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. A persoa beneficiaria comprométese a cumprir as normas e obrigas específicas establecidas nesta convocatoria e remitir á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia a información que lle sexa requirida en relación co desenvolvemento e a execución do contrato.
2. A persoa beneficiaria deberá ademais cumprir todas as normas e obrigas específicas establecidas na convocatoria de 2021 das axudas RyC, da cal tamén é beneficiaria.
3. Ademais, establécense como obrigas específicas da persoa beneficiaria, durante a duración do contrato, as seguintes:
 - Desenvolver na UDC a súa liña de investigación de acordo cos requisitos da axuda RyC da cal é beneficiaria.
 - Cumprir as obrigas e normas establecidas con carácter xeral pola UDC para o seu persoal investigador.
 - Colaborar e participar nas actividades formativas e divulgativas, tanto do proxecto propio como do Programa InTalent, que se leven a cabo.
 - Participar en foros e comités para a mellora e avaliación de calquera actividade relacionada co Programa InTalent.

- Facer mención expresa a Inditex e ao seu financiamento a través do Programa InTalent en todas as referencias en medios de comunicación, congresos, publicacións... relacionadas coa investigación desenvolvida ao abeiro deste contrato.
- Presentar a través da UDC cando menos unha solicitude a unha convocatoria promovida polo ERC durante o período do contrato. No caso de ter éxito esa solicitude, a persoa beneficiaria deberá desenvolver na UDC o seu proxecto. O incumprimento deste compromiso dará lugar á perda do dereito ao cobramento do complemento salarial establecido nesta convocatoria e a todo o financiamento concedido nela, así como á obriga de reintegrar as cantidades percibidas na súa totalidade, salvo acordo específico entre a persoa beneficiaria e a UDC. Este requisito tamén se poderá dar por satisfeito cando, de mutuo acordo entre a persoa solicitante e a UDC, a solicitude non se presente ás ERC *Grants*, senón a outra convocatoria de prestixio similar cun proxecto coordinado pola persoa solicitante.

X. INCUMPRIMENTO

A eventual ocultación ou o falseamento de datos, alén do incumprimento dos requisitos e obrigas establecidos nesta convocatoria, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan nas correspondentes resolucións de concesión, darán lugar á revogación do contrato con reintegro das cantidades percibidas na súa totalidade.

XI. RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

O persoal contratado deberá poñer en coñecemento da UDC a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos en canto tiver coñecemento da súa existencia e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

As persoas beneficiarias do Programa InTalent non poderán ser tamén beneficiarias simultaneamente do programa propio da UDC Berce para RyC, aínda que serán de aplicación directa para elas aquelas medidas do programa Berce para RyC que melloren o establecido no Programa InTalent.

XII. NOTIFICACIÓNS

En virtude do previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e segundo resulta dos artigos 13 e 14 do Regulamento de creación e ordenación da Sede Electrónica da UDC (DOG n.º 241, do 17 de decembro de 2014), as notificacións realizaranse unicamente mediante a publicación no TEO.

XIII. RECURSOS

Contra esta convocatoria poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o reitor no prazo dun mes, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dos meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Coruña 19 de outubro de 2022

O reitor da Universidade da Coruña